



PREGUNTA ORAL SOBRE AS MEDIDAS PREVISTAS POLO GOBERNO EN RELACIÓN COS QUIOSCOS MUNICIPAIS PECHADOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a piques de cumprirse un ano e medio desde que o Pleno acordara por unanimidade a regularización, reapertura ou retirada dos catro quioscos de titularidade municipal que permanecen pechados desde o ano 2015 en puntos tan céntricos da como son a Avenida Xoán XIII, a Alameda, a Praza de Vigo e a rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela.

E vaise cumprir un ano tamén desde que no Pleno de xaneiro se preguntara por parte deste Grupo Municipal polas previsións para a regularización ao longo deste ano 2017, sen que se ata o momento se teña coñecemento de ningún avance nin medida ningunha por parte do Goberno en relación co acordo adoptado: nin para a súa regularización ou reapertura nin para a súa retirada definitiva liberando o espazo público que estes ocupan.

Dado o tempo transcorrido e o progresivo deterioro destas instalacións e tendo en conta que outros concellos en situación semellante conseguiron resolver esta cuestión, formulamos a seguinte pregunta:

Pensa o Goberno adoptar algunha medida efectiva -e en que prazo- para resolver dunha vez a situación destes catro quioscos, ben sexa a través da súa reapertura ou da retirada e recuperación para a cidadanía do céntrico espazo público que ocupan?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular